

## HISTORIA DA CIENCIA

### LEMBRANZA DO NATURALISTA SEOANE NO CENTENARIO DA SÚA MORTE

**FRAGA, Xosé A.**

*I.E.S. Monelos - A CORUÑA*

Se paseáramos polas peculiares salas de depósito dos principais museos de Historia Natural de Europa, entre a singular sucesión de frascos con miles de exemplares de seres vivos, atoparíamos algúns procedentes dun científico galego, Vitor López Seoane. En medio das sobranceiras coleccións de Historia Natural do British Museum de Londres, do Museum de Histoire Naturelle de París, ou o Museum für Naturkunde der Humboldt-Universität de Berlin, encontraríamos os frascos cos exemplares que o noso naturalista remesou hai máis de cen anos.

Se consultamos a historia das principais sociedades científicas europeas adicadas ó estudo da Natureza, como, por exemplo, a Societé Zoologie de Francia, as sociedades entomolóxicas de Alemaña, Bélxica, Francia..., a Sociedade Real e Imperial Zoolóxica-Botánica de Viena, a Sociedad Española de Historia Natural, a Academia das Ciencias de Madrid, etc... , atoparemos a Seoane como un dos escasos científicos españois presentes nas listas de socios do século XIX. E se preferimos dirixir a nosa ollada cara unha das actividades tan característica do século XIX como foron as Exposicións universais, un foro para o comercio, pero tamén de exposición e difusión da Ciencia e das Técnicas, daremos de fronte co noso naturalista, como o científico español con maior protagonismo neses eventos.



Dr. V. López Seoane

Sabemos que as contribucións científicas orixinais plasmadas en revistas especializadas son o elemento básico á hora de valorar a

categoría das aportacións dun científico. Neste eido, Seoane aparécesenos como autor en diversas publicacións de prestixio europeo. As súas intervencións fican recollidas en alemán, no importante *Stettiner Entomologische Zeitung*; en francés nos *Annales Société Entomologique de la Belgique*, no *Bulletín de la Société Entomologique de la Suisse* e nas *Mémoires Société Zoologique de la France*; en inglés en *The Zoologist* e en español na *Revista de los Progresos de las Ciencias* ou nos *Anales de la Sociedad Española de Historia Natural*. No seu intenso labor investigador, Seoane tomou contacto con científicos do máximo nivel no estudio das Ciencias Naturais, como Charles Darwin, Ernst Haeckel, H. Saussure, Anton Dohrn, Maurice Willkomm, Albert Günther, G. Boulenger, F. Lataste, Raphael Blanchard, Lorenzo Camerano, Oskar Boëttger, Franz Steindachner, Ignacio Bolívar, Odón de Buen, Mariano de la Paz Graells, Antonio Casares, Baltasar Merino, Domingo Fontán... O recoñecemento ó labor do noso naturalista viuse plasmado, entre outras cousas, no seu nomeamento como un dos secretarios do primeiro Congreso internacional de Zooloxía, celebrado en París en 1889.

Non son moitos os científicos e/ou intelectuais galegos que acadaron ese nivel. Mais ese sobranceiro papel choca coa xeral ignorancia sobre a figura de Seoane. As causas dese esquecemento son numerosas e precisarían de amplo tratamento. Pero, a xeito de síntese, podemos apuntar algunhas. Debemos citar, por exemplo, o feito de ser Seoane un científico nunha sociedade cunha cultura moi de costas á Ciencia, ou a desestructuración da comunidade científica no século XIX. Tamén cómpre sinalar que non desenvolveu no seo de importantes e/ou poderosas institucións, e a circunstancia de que algunhas das súas publicacións máis importantes foran editadas como folletos publicados en A Coruña, lonxe das canles convencionais. Así aconteceu, por exemplo, con *Examen crítico de las Perdices de Europa*<sup>1</sup>, ou *Identidad de Lacerta schreiberi (Bedriaga) y Lacerta viridis var. gadovi (Boulenger) e investigaciones herpetológicas de Galicia*.<sup>2</sup>

Pois ben, este ano 2000 cúmprese o centenario da morte de Seoane e a efeméride pode ser unha boa desculpa para dar a coñecer algo máis a un científico galego de primeira liña. Trátase do naturalista coa aportación científica máis valiosa, un taxónomo zoolóxico de alto nivel na Zooloxía europea do século XIX. Un estudioso da Historia Natural galega que desenvolveu unha ampla actividade ó longo de máis de coarenta anos de colleitas e pescudas; ademais, prestou especial atención ó coleccionismo de seres naturais e ós intercambios con colegas de numerosos países; todo iso explica que Seoane acumulará abundantes exemplares e información sobre a Fauna e Flora galegas.

Víctor Ramón López Seoane naceu o 28 de setembro de 1832. Estudiu no Instituto de Tui, pasando a Santiago, onde obtivo o título de Bacharel en Filosofía o 1 de Xullo de 1851. Adicouse, nos seus anos de estudante, á colleita e estudio de

variados seres vivos. Na cidade compostelá púxose en contacto con José Planellas, catedrático de Historia Natural da Universidade, o que forneceu de exemplares para o seu herbario.

*Mostra da colección de peixes  
de Victor López Seoane.*

*Museo de Historia Natural «Luis Iglesias». U.S.C.*



Iniciou os estudos de Medicina en Madrid; asemade, seguía interesado polas Ciencias Naturais. A estancia en Madrid do mozo Seoane supuxo un momento clave na súa formación científica.

Estableceu contactos con importantes naturalistas do momento, como os profesores Mariano de la Paz Graells e Laureano Pérez Arcas, ou Juan Mieg e participou en diversas excursións e actividades, entre as que salientan as levadas a cabo cos ornitólogos alemáns, os irmáns Brehm. Marcha para Andalucía e continúa alí, o Curso 1857-58, os estudos de Medicina. Nesa rexión segue compartindo eses estudos coas observacións en Ciencias Naturais, participando en diversas excursións e contactando con varios naturalistas. Prestou especial atención ás Aves da zona, desenvolvendo as primeiras investigacións orixinais, o que ficou reflectido nun Catálogo publicado en 1861.

Remata os estudos de Medicina en Santiago, licenciándose en xuño de 1861. Neste tempo acada a publicación pola *Sociedad Económica de Amigos del País* de Santiago da *Fauna mastológica de Galicia*, obra de limitado interese científico. En 1862 crease o Instituto de A Coruña e Seoane é nomeado *sustituto de Elementos de física y química y Nociones de Historia Natural*, poñendo en marcha o Gabinete de Historia Natural do centro. Nos anos seguintes fornecería de coleccións ós Gabinetes dos centros educativos galegos, salientando as remesadas ó Instituto de Pontevedra, a Universidade de Santiago e o Instituto de A Coruña.

Aborda os estudos de Ciencias en Santiago, obtendo o título de Bacharel en Ciencias o 13 de xuño de 1866; publica a *Reseña* de Historia Natural, fai algún intento de acceso ó ensino universitario madrileño e pasa a exercer a Medicina en Ferrol. A colaboración na *Reseña* procede dunha invitación de Manuel Murguía para escribir, no libro deste adicado á Historia de Galicia, a parte de Historia Natural. Murguía era un vello amigo; probablemente, esa relación desenvolveríase na estancia en Santiago, en Madrid e Coruña. Cando, anos despois, Seoane fixou a súa residencia en A Coruña, coincidiría con Murguía en iniciativas como a creación da sociedade «Folk-lore gallego», precedente da Academia Galega, e nas reunións da denominada «cova céltica», xuntas informais dos «rexionalistas» liberais coruñeses. A formación científica de Seoane permitíalle abordar ese traballo de Catálogo inicial da Natureza galega. Desde o modelo científico *cuvierista*, o naturalista ferrolán asumiu a visión *armónica* típica dese modelo, e fora adestrado taxonomicamente para a discriminación morfolóxica cualitativa, para abordar a catalogación da Flora e Fauna, unha primeira revisión, como a que a *Reseña* esixía. Posteriormente, o seu labor sufriría unha notable modernización, coa aceptación práctica de importantes elementos da metodoloxía científica positivista francesa e a asunción, parcial, do darwinismo.

*Exemplares da colección entomolóxica.*

*Museo «Luis Iglesias». U.S.C.*




O casamento, en 1870, conlevou importantes cambios na súa vida. Convírtese en propietario agrícola, abandona a profesión médica e fixa a residencia en A Coruña; pasa a adicarse á administración das numerosas propiedades.

Para poder atender mellor ás novas ocupacións iniciou en 1874, en Santiago, os estudos de Dereito, que acabou en Oviedo. Nos últimos anos da súa vida, ocupou algúns cargos administrativos na provincia; foi membro, en 1896, do Consello provincial de Agricultura, Industria e Comercio, comisario rexio en 1897 e presidente do Consello provincial desde 1897 ata a súa morte. Debemos reparar, pois, que nun período de crecente especialización e institucionalización das Ciencias Naturais, Seoane sítuase, formalmente, desde o punto de vista do *status* profesional, como *aficionado*, o que condicionaba as posibilidades do seu labor científico. Por unha banda, gracias ás súas propiedades, dispuña de recolectores dispersos por toda Galicia, que lle fornecían de abondosos exemplares; ademais, os medios económicos permitíanlle acadar abondosa bibliografía, visitar importantes Museos e especialistas estranxeiros, etc..., manténdose así, e gracias á experiencia e grande esforzo, ó día das novidades. Por outra banda, esta situación dificultaba afrontar un esforzo continuado de investigación.

*Exemplares da colección ento-molóxica.*

*Museo «Luis Iglesias». U.S.C.*



A produción científica de Seoane abrangue 7 publicacións sobre Ornitoloxía, 5 de Herpetoloxía, 4 de Entomoloxía, ás que hai que sumar 3 traballos meterolóxicos, 1 sobre Mamíferos, 2 publicacións xerais, 1 sobre Historia da Botánica e diversos artigos divulgativos. Os estudos estiveron centrados na Taxonomía da Fauna de Galicia, da que describiu varios taxóns, con 3 traballos sobre Ornitoloxía de Andalucía. Co paso do tempo, hai un descenso no número de publicacións, pasamos dunha dispersión activista, que caracteriza a primeira etapa, a unha profundización e especialización, basicamente en Ornitoloxía e Herpetoloxía. Estas pescudas terán unha

producción científica de Seoane abrangue 7 publicacións sobre Ornitoloxía, 5 de Herpetoloxía, 4 de Entomoloxía, ás que hai que sumar 3 traballos meterolóxicos, 1 sobre Mamíferos, 2 publicacións xerais, 1 sobre Historia da Botánica e diversos artigos divulgativos. Os estudos estiveron centrados na Taxonomía da Fauna de Galicia, da que describiu varios taxóns, con 3 traballos sobre Ornitoloxía de Andalucía. Co paso do tempo, hai un descenso no número de publicacións, pasamos dunha dispersión activista, que caracteriza a primeira etapa, a unha profundización e especialización, basicamente en Ornitoloxía e Herpetoloxía. Estas pescudas terán unha

especial relevancia na obra de Seoane, por protagonizar o proceso de modernización científica do noso autor.

O labor botánico de Seoane non acadou a amplitude e interese dos seus estudos zoolóxicos. De tódolos xeitos, o naturalista ferrolán herborizou numerosos vexetais, cos que constituiu un importante Herbario, pasou datos e información a importantes botánicos, estudiou diversos taxóns, escribiu abundantes notas manuscritas e, mesmo, foi o primeiro mestre de Baltasar Merino e axudou ó micrógrafo Ernesto Caballero. Estes tres autores constituíron, por un breve período de tempo, un singular e informal grupo científico, de salientable interese no desolador panorama da raquítica institucionalización científica galega.

Á actividade sistemática de Seoane debemos engadir as importantes coleccións de seres naturais, que constituíron o Museo particular máis importante de Galicia. Parte deses materiais están, hoxe en día, depositados na *Casa de las Ciencias* (A Coruña).

Para ampliar:

FRAGA VAZQUEZ, X. A. (1992 a). *Victor López Seoane*. A Coruña, Galicia Editorial, 31 pp; (1992 b). *Biología na Galiza na segunda metade do século XIX (1868-1903): ensino, divulgación, debates, produción, institucionalización e recepción de novidades*. Santiago, Universidade de Santiago. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico; (1993). López Seoane, Víctor. *In* Fraga Vázquez & Mato Domínguez. *Diccionario histórico das Ciencias e das Técnicas de Galicia. Autores, 1868-1936* : 201-208. O Castro-Sada (A Coruña). Publicacións do Seminario de Estudos